

«PONTE NO MEDIO. MÓVETE POLO TERRITORIO» POR UNHA ORDENACIÓN SUSTENTABLE

No mundo globalizado de hoxe, obxecto dunha grave crise ecolóxica e económica, o territorio galego non pode seguir sendo unha simple mercadoría nas mans de especuladores. Eles desposúennos do medio en que vivimos e hipotecan o noso futuro e o das vindeiras xeracións. A alimentación, os recursos naturais, a calidade da auga e do aire, a salubridade do medio e a biodiversidade son requisitos imprescindibles para a vida humana que dependen directamente da nosa xestión da natureza e da súa conservación.

Dende a singular forma de ocupación tradicional do territorio galego fomos construíndo a peculiaridade social, histórica e cultural que nos identifica como pobo. Así, o espazo humanizado e o patrimonio natural que recibimos en custodia e que nos identifica deberan ser hoxe valorados como o noso principal recurso fronte á crise. É agora cando temos que sentar as bases dunha recuperación económica sostible para asegurar a vida sobre o planeta e salvar o noso lugar de vida e a nosa identidade territorial da salvaxe depredación do actual modelo económico.



PONTE NO MEDIO: URXE CORRIXIR O PRESENTE

Moitos son os exemplos de deterioro e degradación que, irreversible e inxustificadamente, ten sufrido o noso territorio e que provocaron, non só graves impactos sobre o entorno natural e social, senón tamén enormes custos económicos, a perda de recursos naturais e a toma de medidas correctoras de escasa utilidade. Pero, lonxe de aprender dos erros pasados, o actual goberno da Xunta continúa a acelerar a degradación do territorio con reformas legislativas feitas á medida duns poucos e co rexurdimento de velas ameazas.

Os espazos naturais

Son imprescindibles para a conservación da biodiversidade, da paisaxe e da calidade de vida, pero están ocupados pola presión urbanística ou por infraestruturas de grande impacto social e ambiental, e ningún deles dispón dos plans de conservación e xestión que por lei debe promover a Administración. Así, as empresas eólicas (O Xistral, O Candán, O Courel...), as acuícolas (As Catedrais, Touriñán, Cabo Vilano,...), as mineiras (O Courel, O Xistral,...) e outras infraestruturas atopan neles un solo barato. Pola contra, a poboación local é a que soporta as restricións e a falta de axudas e investimentos que compensen o seu esforzo na conservación. Neste eido, o actual goberno recuperou a vella ameaza da planta acuícola de Pescanova en Cabo Touriñán, espazo de Rede Natura con hábitats prioritarios.

O medio rural

É estratéxico para a sustentabilidade económica do país, pero segue en acelerado proceso de abandono. As terras de enorme potencial agrario reconvértense ao monocultivo do eucalipto para beneficio exclusivo das industrias da celulosa, que ademais contaminan as nosas rías (Celulosas de Pontevedra); ou para as industrias do lume, ás que destinamos cantidades inxentes de fondos públicos. As axudas ambientais europeas manexadas polo goberno autonómico dedícanse a repoboación de montes protexidos con especies foráneas, e desvíanse do seu obxecto para a prevención de incendios ou a ordenación racional do monte. Séguense cortando de maneira indiscriminada os soutos, as fragas e as carballeiras sen o amparo dunha normativa reguladora e as concentracións parcelarias continúan a destruír espazos, paisaxes, tradicións, cultura e patrimonio sen que consigan recuperar a actividade agraria. Por riba, ábreanse as portas á privatización dos montes veciñais en man común, -estratéxicos para o futuro do medio rural-, e aos cultivos transxénicos que someten a liberdade das persoas do campo. E, sen pudor ningún, cédense os nosos montes ás grandes empresas eólicas a través de compravendas pouco transparentes e sen reparar en danos ambientais e sobre os dereitos de propiedade das terras.

O litoral, as rías e o mar

Os espazos costeiros son parte do noso escenario vital, da nosa identidade como pobo e do noso futuro colectivo. Porén, non foron convenientemente preservados polas administracións públicas nin respectados dende o eido privado. O desenvolvemento urbanístico e industrial descontrolado, unhas ineficaces políticas de ordenación do territorio e un “progreso” mal entendido e afastado da sustentabilidade, destruíron zonas importantes do noso litoral e agora ameazan con asolagalo definitivamente baixo unha marea gris de cemento. A costa galega xa ten amplamente superada a súa capacidade de carga pola presión humana. Moitas vilas e industrias carecen de tratamento e depuración de augas que contaminan as rías e, en consecuencia, a produción marisqueira e pesqueira. A isto, engádense recheos, piscifactorías, portos deportivos, parques eólicos, e industrias de todo tipo (Ence-Elnosa, Ferrazo, Reganosa...) que invaden os espazos costeiros coa falsa escusa dos postos de traballo e independentemente de que estean ou non protexidos.

A paisaxe

Somos un país cunha inmensa variedade paisaxística froito da interacción entre as forzas da natureza, o substrato xeolóxico, a vida e a actividade humana durante milenios. Este inmenso patrimonio apenas foi considerado á hora de deseñar a planificación territorial, enerxética, hidrolóxica, industrial e turística, dando lugar a auténticas aberracións: os parques eólicos sobre as turbeiras do Xistral, as canteiras a ceo aberto do Courel e Valdeorras, a desnaturalización de paisaxes naturais coma a do LIC Catedrais, o secuestro da Fervenza do Xallas ou as instalacións industriais en zonas de costa virxe, entre outras, son hoxe actuacións que unha sociedade cada vez máis concienciada coa conservación do medio non debería tolerar. As nosas paisaxes, outro dos nosos sinais de identidade, deberían gozar de protección legal efectiva e a súa conservación debería terse en conta de xeito transversal nas políticas públicas, desenvolvendo de xeito efectivo os instrumentos que prevé a recente Lei 7/2008 da Paisaxe de Galiza, ata o momento baleira de contido.

Os ríos

Xunta e Estado néganse a poñer freo á explotación hidroeléctrica dos ríos galegos aínda que recoñecen que están saturados. Continúan a favorecer o negocio das compañías eléctricas sobre a conservación do medio, a calidade da auga e a saúde pública. Ferroatlántica mantén secuestrada a espectacularidade única da Fervenza do Esteiro, Iberdrola é dona exclusiva dos recursos hídricos e naturais da Ribeira Sacra, Hidroeléctrica Cortizo é libre de seguir envelenando a auga que beben os veciños do Salnés e rexorden as ameazas dos saltos no Navia, no Miño, no Ulla e no Eo. O actual goberno incumpre sistemáticamente a lei galega para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos, xurdida da vontade popular. Tampouco se rectifica a ocupación ilegal do dominio público ou das zonas de protección e inundación, favorecendo catástrofes ambientais e económicas que todos sufrimos e pagamos como o accidente de Brenntag no Umia ou as enchentes regulares de Cee ou da Mariña.

O desenvolvemento urbanístico

O crecemento descontrolado das últimas décadas desfigurou as nosas pequenas vilas e cidades e deixou un ronsel de problemas ambientais que nos acabarán pasando factura. A crise agravou a situación ao deixar salpicada a nosa xeografía de inmobles baleiros ou a medio construír (Miño, Fisterra, Barreiros). Porén, nin os promotores da especulación urbanística, nin os gobernos locais, nin a Xunta amosan vontade para cambiar esta nefasta política territorial: apróbanse plans urbanísticos dirixidos polas grandes construtoras e con previsións desorbitadas de novas vivendas; elabóranse unhas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) carentes de criterio e promóvese un Plan de Ordenación do Litoral supeditado aos intereses da acuicultura e dos demais planos sectoriais. En menos dun ano aprobáronse dúas modificacións da Lei do Solo que facilitan a especulación e amplían a dispoñibilidade do solo a favor da minaría e da acuicultura; parálizase a Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística e, de xeito insultante e descarado, a Administración Pública impón a legalización da actividade urbanística ilegal de Barreiros a cargo de fondos públicos. Por tanto, cabe esperar que a nova Lei do Solo anunciada pola Xunta tan só veña a afianzar esta política de desprotección territorial fronte á especulación.

As infraestruturas viarias

No transporte e a mobilidade séguese apostando pola duplicidade de infraestruturas de alto impacto ambiental e social, sen máis criterio que o da inmediata rendibilidade electoral e o da especulación: dous portos exteriores a pouca distancia e carentes de planificación futura; un AVE que despraza o ferrocarril tradicional e consome enormes recursos económicos; tres aeroportos en competencia e ningún con acceso ferroviario; un plan de mobilidade centrado no transporte individualizado por estrada, e indiferente ao camiño de ferro, ao transporte marítimo, aos peóns e ás bicicletas.

O patrimonio histórico-cultural

Infraestruturas, parques eólicos, urbanismo salvaxe, prácticas agrícolas e forestais con maquinaria pesada provocaron o incremento da destrución do Patrimonio de maneira alarmante nos últimos tempos: A Mourela das Pontes, o castro de Punta Langosteira, o castro da Atalaia, son unha pequena mostra dos centos de agresións que sofre a cotío o Patrimonio no noso país. Este Patrimonio, que forma parte da nosa cultura, da nosa historia e da nosa identidade, é un ben que cómpre protexer e potenciar para podelo transmitir ás vindeiras xeracións, da mesma maneira que nos foi legado dos nosos devanceiros. O Patrimonio histórico-cultural pode ser un recurso educativo e turístico, así como unha importante fonte económica que non se debería desaproveitar.



ÓVETE POLO TERRITORIO: CREA UN FUTURO SUSTENTABLE

Un futuro económico, social e ambientalmente sustentable é impensable sen unha política de ordenación territorial que respecte o medio ambiente, que teña en conta a cultura e a experiencia do pobo, e que poña os recursos do territorio ao servizo da comunidade que a habita. Pero só podemos acadar ese futuro se o conxunto da sociedade loita co ecoloxismo por un modelo de ordenación e xestión territorial racional, sustentable e con futuro, que consiga:

- I. **Frear a degradación do noso territorio, a redución da diversidade natural, a destrución da paisaxe, e a perda irreversible do noso patrimonio cultural, impedindo así o deterioro da nosa calidade de vida e a desaparición da nosa historia e identidade.**
- II. **Recuperar o protagonismo colectivo da sociedade galega e a participación pública nos procesos de planificación e toma de decisións sobre a ordenación do territorio, agora usurpada por especuladores que non vacilan en someter as institucións políticas aos seus intereses privados.**
- III. **Instar á superación da crise e á creación de emprego a través da rehabilitación dos valores e dos recursos do noso territorio.**
- IV. **Facer realidade a ordenación sustentable do territorio galego cumprindo co seguinte decálogo de demandas concretas:**
 - 1) Que se respecten escrupulosamente os espazos protexidos e se poñan ao servizo da poboación residente a través de plans de desenvolvemento rural;
 - 2) Que se incremente a zona de protección do litoral ata o mínimo dos 500 metros e se paralice todo proxecto de ocupación urbanística desta zona;
 - 3) Que desaparezan os privilexios da minaría na ocupación dos solos, que se obrigue ás empresas extractivas á restitución da legalidade urbanística e á recuperación dos espazos afectados pola súa actividade;
 - 4) Que se restaure a economía do medio rural vinculada á terra primando a protección do solo agropecuario e a mobilidade de terras e defendendo a función económica e social dos montes veciñais en man común e a súa xestión comunal fronte aos proxectos de privatización;
 - 5) Que a política hidrolóxica prime a recuperación da calidade da auga e dos ecosistemas fluviais; que se declare a suspensión indefinida de novos aproveitamentos hidroeléctricos; e que se eliminen as concesións que poñen en risco a saúde pública e a saúde do propio río;
 - 6) Que se recupere e fomenta o camiño de ferro e as formas de mobilidade máis económicas, competitivas e ecolóxicas; que se revitalice a curto prazo o transporte público colectivo para mercadorías e persoas, en detrimento do transporte individual e por estrada; e que se desenvolvan políticas urbanas que dean prioridade aos peóns e ás bicicletas;
 - 7) Que se desenvolvan políticas enerxéticas que permitan a participación social dos beneficios, que sitúen as instalacións fóra dos espazos protexidos, que descentralice a xeración enerxética e se fomenta o autoconsumo fronte a presión tarifaria dos actuais monopolios privados;
 - 8) Que se promova un urbanismo racional e de calidade, xusto e sostible, que recupere os espazos urbanos para o uso público, impida a especulación e fomenta a integración poboacional;
 - 9) Que se implante un modelo de xestión de residuos descentralizado, baseado en políticas de prevención, que prime a redución de residuos, a reutilización e a reciclaxe, fomentando a recollida selectiva así como a compostaxe doméstica, comunitaria e en planta para a fracción orgánica do lixo.
 - 10) Que se impulsen campañas de educación ambiental para o conxunto da sociedade galega destinadas a fomentar actitudes e comportamentos amigables co medio ambiente, coa cultura e coa lingua galegas.

O TERRITORIO É DE TODAS E TODOS

O TERRITORIO É IDENTIDADE

O TERRITORIO É FUTURO

PONTE NO MEDIO. MÓVETE POLO TERRITORIO!

ASINAN:

Adela Figueroa, Adolfo Cordero Rivera, Alba Nogueira, Alberte González Rodríguez, Andrés Torres Queiruga, Ángeles Castro Dapena, Antón Reixa, Antonio Durán (Morris), Antonio Reigosa, Beatriz Moyano de Beça, Benigno Fernández Salgado, Bieito Iglesias, Branca Novoneyra, Calros Silvar, Camilo Gómez Torres, Camiño Noia, Carlos A. López Piñeiro, Carlos Blanco, Carlos Callón, Carlos Taibo, Carlos Vales, Celso Dourado, Cesáreo Sánchez Iglesias, Chelo Pampillón, Comba Campoy, Concha Roixía, Darío Xohán Cabana, David Amor, David Formoso, Deus ke te crew, Elvira Cienfuegos, Emilio Carral, Felipe Senen, Fernando Cobo, Fernando de Abel Vilela, Francisco Carballo Carballo, Francisco Díaz-Fierros Viqueira, Goretti Sanmartín, Guadi Galego, Guillermo Fernández, Isaac Díaz Pardo, Isabel Risco, Isidro Novo, Joao Bieites, Joaquín Araujo, Jorge Coira, Juan Ramón Vidal Romaní, Justo Beramendi González, Lois Dieguez, Lourenzo Fernández Prieto "Tito", Luis Iglesia, Mago Antón, Manuel Bragado Rodríguez, Manuel Dios Diz, Manuel Forcadela, Manuel Gallego Jorreto, Manuel Paino, Martiño Montero Santalla, Alex Salgueiro García, Miguel Paz Vila, Manuel Soto, Manuel Rafael Bermejo Patiño, Manuel Rivas, Margarita Ledo, María Lado, María López Sandez, María Reimondez, Marílar Aleixandre, Miguel Anxo Fernández, Miguel de Lira, Mónica Garcia, Oliver Laxe, Pablo A. Meira Cartea, Paco Lodeiro, Paco Martín, Pilar García Negro, Purificación Gonzalez Martinez, Quico Cadaval, Rafael Quintiá, Ramón Varela Díaz, Ricardo Polín, Rosario Álvarez, Suso de Toro, Teresa Moure, Uxía Senlle, Vadim Yurmevich, Xabier Quiroga, Xavier Amigo Vázquez, Xavier Simón, Xilberte Manso de la Torre, Xoán Ramiro Cuba, Xoán Ramón Doldán, Xosé Alfredo Pereira Martínez, Xose Lois Martínez Suarez, Xosé Luís Mendez Ferrín, Xosé Manuel Penas Patiño, Xose Miranda Ruiz, Xosé Touriñan, Xurxo Lobato, Xurxo Souto, Yolanda Castaño.

COLECTIVOS:

AEMS Ríos con Vida, Amigos da Terra, APDR Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra, ARMEGA (Asociación de Armadores de Artes Menores de Galicia), CEMMA (Representada por Francisco Torres), Coordinadora en Defensa da Ría de Muros e Noia, ERVA, FEG Federación Ecoloxista Galega (ADEGA, ADENCO, APDR, Asemblea do Suido, Colectivo Ecoloxista do Salnés, Coto do Frade, Guerrilleiros das Fragas, Hábitat, Luita Verde, MEL, Naturviva, Néboa, Niño do Azor, Oureol, Vaipolorío, Verbo Xido, Verdegaia e Xevale), G.E.E Serpe Bichoca, PDRA Plataforma pola Defensa da Ría de Arousa, Plataforma Camín Grande (LAT Boimente-Pesoz), Plataforma en Defensa do Patrimonio de Quilmas, Plataforma NOTTA (Non a liña de alta tensión Trives-Aparecida), SGHN (Sociedade Galega de Historia Natural), Asociación Sociocultural O Iribio, Plataforma contra a LAT Corgo-Triacastela, Coordinadora Antiencoro de Caldas-Cuntis-Moraña, Veciños fronte a canteira de Caamanzo (Vila de Cruces), Plataforma en Defensa do Cabo Touriñán, Máis talento, menos cemento, CMVMC A Labrada fronte a canteira "Os Agros" do Xistral, Plataforma en Defensa do Río Eo, Coordinadora Antiencoro de Navia, Asociación de mariscadores de Cee e Corcubión, Plataforma en Defensa da Ría de Vilagarcía, Confraría de Pescadores de Arou e Camelle, Asociacións de Expropiados en Miño.



Compostela, 16 de Abril de 2011